

Con data do 17/06/2013 o concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas e Contratación, por delegación da Alcaldía do 30/04/2013 (BOP 16/05/2013) ditou resolución pola que se aproba o Plan de Inspección Urbanística do Concello de Ferrol. Esta Instrución, emítase en calidade de orde de servizo, ao amparo do disposto no artigo 21 Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC). O seu incumprimento non afecta por si só á validez dos actos ditados polos órganos administrativos.

De conformidade co disposto, procédese á súa publicación para xeral coñecemento:

PLAN DE INSPECCIÓN URBANÍSTICA DO CONCELLO DE FERROL

CAPÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

ARTIGO 1: OBXECTO

O presente Plan de inspección urbanística ten por obxecto determinar as actuacións prioritarias do Negociado de Urbanismo do Concello de Ferrol coa finalidade de mellorar a calidade e a eficacia na vixilancia do cumprimento da legalidade urbanística, prevendo e combatindo a comisión de infraccións urbanísticas e velando pola maior seguridade das persoas.

ARTIGO 2: VIXENCIA

Este plan de inspección permanecerá vixente durante o ano 2013 e ata a aprobación do novo plan de inspección.

ARTIGO 3: ORDE DE PRIORIDADES

Atendendo á gravidade das infraccións urbanísticas que se cometan, ao volume das obras ou natureza da actividade que se desenvolva e ás molestias que poidan ocasionar aos cidadáns, á agresión da obra ou actividade sobre o medio físico, á protección cultural ou medioambiental do espazo e/ou inmobles sobre os que se actúe, á inescusable colaboración e auxilio necesario que se debe prestar pola Policía Local e aos medios cos que conta o Servizo de Urbanismo, co fin de lograr a maior eficiencia, fíxase a seguinte orde de prioridades, así coma os criterios de actuación, na tramitación dos expedientes:

GRAO 1º: Execucións de ordes xudiciais nas que se estableza un prazo perentorio.

GRAO 2º: Actuacións a adoptar en expedientes de ruína e ordes de execución que revistan perigo para a seguridade das persoas.

GRAO 3º: Actuacións respecto de:

- Solos cualificados polo planeamento como zonas verdes, espazos libres, dotacións, equipamentos públicos e solos rústicos, nas que se estean desenvolvendo usos prohibidos ou carentes de autorización autonómica preceptiva ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas.
- Xacementos arqueolóxicos.
- Actividades especialmente cualificadas incluídas nos grupos 2 e 3 do ANEXO I do Decreto 133/2008, do 12 de xuño ("Actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera incluídas no grupo B do anexo IV da Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera").

GRAO 4º: Actuacións respecto de:

- **Obras** maiores de edificación de nova planta destinadas a usos distintos de vivenda e grandes movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos
- **Actividades** xenéricas suxeitas ao procedemento de avaliación ambiental incluídas no grupo 1 do ANEXO I do Decreto 133/2008, do 12 de xuño.
- Actividades sometidas ao Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas (RD 2816/1982, do 27 de agosto).
- Actuacións en solo rústico sen a preceptiva licenza municipal ou sen axustarse ás condicións impostas na mesma.

GRAO 5º: Actuacións respecto de:

- Obras maiores de edificación de nova planta destinadas a usos de vivenda e intervencións significativas en edificacións de uso residencial multifamiliar que supoñan aumento de volume, superficie e/ou aproveitamento urbanístico.
- Actuacións obxecto de expedientes de ruína e ordes de execución que non revistan perigo para a seguridade das persoas.

GRAO 6º: Actuacións respecto de:

- **Obras** maiores de reestruturación e grandes aumentos da superficie edificada en edificacións destinadas a usos distintos de vivenda.
- **Actividades** excluídas do procedemento de avaliación ambiental incluídas no ANEXO II e ANEXO III do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, carentes de licenzas ou autorizacións administrativas esixibles ou sen axustarse ás condicións sinaladas nelas.

GRAO 7º: Actuacións respecto de:

- Obras maiores de reestruturación ou grandes aumentos da superficie edificada en edificacións destinadas a vivenda.

GRAO 8º: Actuacións respecto de:

- **Obras** que impliquen aumentos de volume de escasa entidade
- **Actividades** non incluídas nos graos anteriores.

GRAO 9º: Actuacións respecto do resto das obras que non impliquen aumento de volume e das adaptacións de locais que presenten desaxustes non substanciais respecto da licenza outorgada.

ARTIGO 4: CRITERIOS DE ACTUACIÓN

PRIMEIRO: Darase preferencia en todo caso e respecto de cada un dos graos previstos no artigo anterior, ás actuacións que se desenvolvan no ámbito do Barrio de A Magdalena, Ferrol Vello, A Graña, Esteiro Vello e San Felipe e edificacións catalogadas polo planeamento urbanístico, dado o valor histórico, artístico e singularidade da edificación nestes ámbitos.

SEGUNDO: Dentro de cada un dos graos, terán absoluta prioridade as relativas a obras que se atopen en marcha no momento da denuncia ou da inspección, fronte ás que xa estean rematadas.

TERCEIRO: Dentro de cada un dos graos, terán preferencia as infraccións moi graves e graves sobre as leves, así como as derivadas de obras ilegalizables sobre as legalizables.

CUARTO: Dentro de cada un dos graos priorizaranse as intervencións sobre infraccións reiteradas por parte da persoa responsable.

ARTIGO 5: ACTUACIÓNS PARA GARANTIR A SEGURIDADE DAS PERSOAS

Os expedientes de ordes de execución e ruínas tramitaranse de conformidade co disposto na Ordenanza municipal reguladora da conservación e rehabilitación dos inmobles, do estado ruinoso das edificacións e da mellora da accesibilidade ás vivendas e locais existentes.

Criterios de actuación:

- Darase preferencia en todo caso ás construcións que teñan perigo de caída de elementos con risco cara a vía pública ou edificacións lindadeiras e que poidan causar graves danos ás persoas.

- Terán preferencia dado o valor histórico, artístico e a singularidade da edificación, as actuacións que se desenvolven no ámbito do Barrio de A Magdalena, Ferrol Vello, A Graña, Esteiro Vello e San Felipe e edificacións catalogadas polo planeamento urbanístico.

- Modulación e valoración:

Os criterios de actuación modularanse tendo en conta que as construcións teñan fronte á vía pública ou estean illadas nunha parcela pechada, poidan producir danos a edificacións lindeiras ou ben estean habitadas.

Segundo valoración dos Servizos Técnicos Municipais, indicárase na correspondente dilixencia o grao de urxencia da inspección.

ARTIGO 6: TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE EXECUCIÓN FORZOSA, EXECUCIÓN SUBSIDIARIA E EXPEDIENTES SANCIONADORES:

En caso de incumprimento da orde de derruba ou de execución de obras, o Negociado de Urbanismo procederá á execución forzosa ou subsidiaria consonte coa normativa urbanística vixente, sen prexuízo da tramitación dos expedientes sancionadores que procedan. Todo o anterior sen prexuízo de comunicar o citado incumprimento ao Ministerio Fiscal por posible ilícito de desobediencia regulado no artigo 556 do Código Penal.

ARTIGO 7: COMUNICACIÓN AO MINISTERIO FISCAL

No suposto de que os feitos obxecto de inspección urbanística poidan ser constitutivos de delito urbanístico, poñeranse en coñecemento do Ministerio fiscal, consonte co disposto no artigo 42 do texto refundido da Lei do Solo, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño.

ARTIGO 8: FORMACIÓN DO PERSOAL

1. Obxectivo: mellorar a formación do persoal e harmonizar os criterios de actuación.
2. Actuacións a desenvolver:
 - a) Curso de formación dirixido ao persoal
 - b) Reunións de coordinación para harmonizar os criterios de actuación.
3. Programación: realizaranse os cursos de formación e as reunións de coordinación que se consideren necesarias.

Ferrol, 19 de xuño de 2013

O concelleiro delegado de Urbanismo, Infraestruturas e Contratación

Guillermo Evia Pérez